

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO



PROGRAMACIÓN

**REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO DE
GUITARRA**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
1. METODOLOXÍA.....	6
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	8
3. TEMAS TRANSVERSAIS	10
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES	10
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	11
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS	12
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	14
5.1. ► CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL	14
5.1.1. <i>Obxectivos</i>	14
5.1.2. <i>Contidos</i>	14
5.1.3. <i>Avaliación</i>	15
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i>	16
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i>	16
5.2. ► CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL	18
5.2.1. <i>Obxectivos</i>	18
5.2.2. <i>Contidos</i>	18
5.2.3. <i>Avaliación</i>	18
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i>	20
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i>	21
6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	22
7. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	23
8. ANEXOS	24
8.1. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO.....	24
8.2. PROBAS DE ACCESO.....	24

8.2.1. <i>GRAO PROFESIONAL</i>	24
➤ ACCESO AO CURSO 6º GP	24

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

A materia de Repentización e Acompañamento constitúe un espazo de formación de primeiro orde para experimentar e aplicar as habilidades adquiridas na clase propia de instrumento da especialidade, así como os coñecementos adquiridos nas outras materias e poñer en práctica a habilidade para a improvisación co instrumento tanto no ámbito da interpretación solista como no do acompañamento a outros instrumentos dentro dunha agrupación musical. Deste xeito, esta materia tamén permitirá traballar e acercarse ao repertorio para diferentes formacións ou grupos instrumentais, de diferentes épocas e estilos, abrindo un nexo común entre distintas materias e obxectivos presentes nelas, harmonías, estilos de interpretación e investigación dentro dos terreos da música escrita para a guitarra.

O proceso de ensino e aprendizaxe das diversas especialidades instrumentais contempla un forzoso carácter individual e de interpretación dun guión escrito e cerrado, que é a partitura,

moitas veces sen un exame ou análise exhaustivo da mesma, sen unha comprensión clara da súa forma, estilo, harmonías. Por isto, adquirir uns coñecementos necesarios de harmonía aplicada ao instrumento, cifrados e construción de acordes, escalas, etc... é o obxectivo e a esencia deste currículo de Repentización e Acompañamento, dirixida ao proceso de obtención de novos coñecementos e a súa aplicación na práctica musical.

Na nova lei considerouse oportuno reforzar as actividades grupais e incrementar a súa presenza nos centros. A paulatina incorporación tamén de novas especialidades cuxas literaturas achegan amplos repertorios de conxuntos específicos indican o loable de incluír como unha materia común máis a práctica de conxunto. Por outra banda, razóns de índole organizativa dos centros indican así mesmo o oportuno de ampliar esta nova materia de grupo buscando a participación e implicación de todo o colectivo estudantil, calquera que sexa a súa especialidade instrumental. De calquera xeito, o coñecemento e as posibilidades harmónicas do instrumento, da guitarra neste caso, e a súa idoneidade para o acompañamento dentro dunha agrupación instrumental máis ampla, lévanos a entender que é preciso coñecer uns procedementos básicos que nos axuden a construír liñas harmónicas de acompañamento, progresións de acordes, liñas melódicas e mesmo improvisacións rítmicas e melódicas que contribúan a enriquecer o feito musical e a propia educación musical individual e, de xeito secundario, colectivamente. E todo isto, por suposto, cunha consciencia real do que se está a tocar e non simplemente intuitiva.

Por outra banda, a Educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas ou concertistas dun marcado carácter individual. O propio carácter propedéutico das ensinanzas profesionais de música leva consigo a incorporación dos alumnos ás distintas agrupacións a fin de propiciar un amplo marco de experiencias que permita ao estudante dirixirse cara ao tipo de formación musical que máis se adapte aos seus intereses, calidades e coñecementos. A práctica consciente e non meramente intuitiva de conxunto, cámara ou en calquera agrupación, xa sexa na orquestra, coro ou de música moderna e lixeira, ten por finalidade facilitar a participación de todo o alumnado nun proxecto musical colectivo que enriqueza a propia experiencia individual e a dote dun número maior de ferramentas para a consecución da súa plena formación musical.

Esta participación en agrupacións musicais permitirá que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco adecuado para a práctica instrumental colectiva, ademais de garantir a presenza activa do alumnado nunhas actividades que supoñen unha maior proxección do centro académico na vida social da súa comunidade. As interrelacións entre instrumentos e instrumentistas darán lugar a un entramado complexo de relacións musicais e persoais: a unidade de criterio, a igualdade na execución, a adopción duns férreos patróns rítmicos, o coñecemento da forma, o movemento harmónico, a actitude de escoita colectiva por encima da individual, o traballo da dinámica de conxunto, os planos sonoros, o “empaste” dos instrumentos, fraseos, texturas... son todos eles aspectos inherentes a toda boa interpretación tanto individual como grupal e habilidades a experimentar, coñecer e traballar, con todo o que isto implica para a formación musical do alumno.

Outro aspecto importante na formación musical é que o coñecemento de ferramentas para unha interpretación consciente favorecerá e resaltarán as propias habilidades individuais, a motivación, a valoración do traballo colectivo, unha mellora na actitude de escoita, a disciplina rítmica e incluso a memoria de pasaxes instrumentais a varias voces, postas ao servizo dun satisfactorio resultado final... aspectos que moitas veces son inabordables na mera práctica instrumental individual e a simple interpretación dunha partitura.

1. METODOLOXÍA

Os resultados que pretendemos acadar, as competencias básicas do currículo, son a referencia que nos guiará para decidir acerca dese conxunto ordenado de operacións que debemos levar a cabo. Unha interpretación consciente, uns coñecementos que crecen cada día, unha actitude positiva e dinámica fronte ao estudo, tales son as metas que nos propoñemos alcanzar nesta materia.

Ao longo da historia da evolución da guitarra en xeral, ten habido distintos métodos para a aprendizaxe da súa técnica, variedade de estilos, distintas visións de abordar a práctica deste instrumento, pedagogías e escolas. Actualmente, trátase de combinar todas estas vertentes e da realización de exercicios, estudos e obras, conxuntamente cun análise o máis rigoroso posible das mesmas, coa finalidade de achegarnos a esa comprensión e interpretación consciente que pretendemos.

Neste proceso, deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo no estudo de todas estas cuestións e dos diferentes estilos, de xeito que, pouco a pouco, se vaian introducindo novos elementos e novos coñecementos e prácticas. A fin de contas, trataríase de acadar a maior musicalidade e desenvolvemento das competencias do alumnado dentro do ámbito musical.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada.
- A aplicación dunha educación en valores.
- A autonomía pedagóxica
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación.
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico.
- Desenvolvemento da capacidade creativa.
- Mostra da utilidade do aprendido.
- A orientación educativa.
- A participación e colaboración de compañeiros, familias e titores.

O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación é esencial para que o alumno senta a necesidade de continuar na indagación das posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra.

Metodoloxía a empregar:

- Análise do traballo realizado polo alumno ao longo da semana.
- Control de posición, afinación e realización de exercicios técnicos.
- Revisión e análise do material traballado, valorando o método de estudo.
- Corrección e aprendizaxe das pezas mediante elementos illados.
- Traballo de diferentes tipos de memoria.
- Afondamento do traballo realizado mediante variacións dalgún elemento da obra (improvisación rítmica, harmónica, etc...).
- No caso de ser apropiado, iniciación de novos traballos musicais.

- Lectura a primeira vista.
- Práctica de conxunto.
- Realización de audicións trimestrais obrigatorias.
- Participación en concertos.
- Asistencia a outras audicións ou concertos e realización de traballos escritos sobre as obras escoitadas e as interpretacións.
- Probas trimestrais obrigatorias de lectura.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. No conservatorio se reconece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle, a un alumnado igualmente diverso. O principio de "Atención á diversidade" enténdese dende as seguintes formulacións:

1. As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de tódolos alumnos e non só duns poucos.
2. Tódolos alumnos necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.
3. As necesidades educativas dos alumnos se presentan sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.

Así mesmo, as persoas que destacan ou sobresaen pola súa excepcionalidade intelectual podémolas englobar co termo "Altas Capacidades" pois é a característica máis xenérica do grupo. Estas persoas forman un grupo moi heteroxéneo. Podemos dicir que cada unha delas, en realidade coma todas, será un "caso único". As concepcións sobre a superdotación e talento foron modificándose en función dos diferentes modelos de intelixencia. Estes modelos podemos clasificalos en modelos baseados en capacidade, modelos baseados no rendemento, modelos cognitivos e modelos socioculturais.

A atención á diversidade leva implícita unha serie de medidas que son ofertadas dentro dunha estratexia común con diferentes opcións:

- a) O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
- b) Adaptacións do material didáctico: as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno o unha alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidade excepcionais.
- c) Proponer actividades de traballo diferenciadas: O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparara actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- d) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- e) Acelerar o frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

No principio do curso académico, despois da matriculación, cada Departamento revisará a matrícula para detectar posibles casos de alumnado que requira unha atención especial. De ocorrer así, e no caso do Departamento de Corda Pulsada realizarase a adaptación curricular

correspondente na que se terán en conta os seguintes aspectos de acordo co tipo de circunstancia concreta (problemas e minusvalías motoras, cegueiras, etc).

- a) Programa adaptado.
- b) Material específico para uso de profesor e alumno na aula.
- c) Acomodo de horarios e aulas dispoñibles.
- d) Contacto e colaboración con centros e organizacións especializadas, e cos pais do alumno.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
 - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
 - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
 - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva).
 - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

Os sistemas educativos actuais establecen unha nova formulación pedagóxica na que a comunicación prodúcese non só a través da linguaxe oral e escrita, senón tamén a través doutras novas linguaxes, como son a audiovisual e a telemática. A posibilidade de compartir información, experiencias, de participar en actividades entre centros en tempo real, de buscar información puntual acerca de calquera contido, etc..., abre novas posibilidades de aprendizaxe que enriquecen a formación integral do alumnado.

A educación precisa de novos recursos que permitan que o ensino discorra polo mesmo camiño que a sociedade: a sociedade da información, da comunicación, da participación, de compartir coñecementos, experiencias co fin do enriquecemento común. Non se debe esquecer que unha educación baseada na lectura de textos está abocada ao fracaso ao deixar aos educandos á marxe da rede comunicativa construída polas TIC.

A utilización destas tecnoloxías nos centros educativos permitirá unha formación máis completa, unha renovación na pedagogía e na didáctica; poderán utilizarse tamén como medio de análise, de investigación, de manexo de aplicacións que forman parte habitual do entorno da sociedade.

O profesor deberá servir de guía para axudar ao alumando a buscar, obter, procesar, comunicar información e para transformala en coñecemento, sempre cunha actitude crítica e selectiva.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de instrumento, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación das actividades:

- Organizadas polo departamento:

- Audicións de alumnos dos distintos profesores do departamento seguidas de comentarios colectivos de profesores e alumnos sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva e evítanse comentarios de mal gusto. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos nas súas actuacións.

- Actividades extra-escolares para o desenvolvemento artístico:

É importante que o alumno, como músico, este exposto a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumno coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida relacionar máis adiante coa música que interpretará. Como alumno de guitarra, sería conveniente que fose a concertos de folk, jazz, música clásica e popular. Ademais, mediante os concertos sinfónicos e de agrupacións camerísticas, percibirá o timbre sonoro dos demais instrumentos que poderá aplicar sempre nas diferentes voces da música para guitarra. O departamento de corda pulsada fomentará o desenvolvemento artístico mediante a promoción das seguintes actividades:

Realización de cursos no segundo trimestre, organización de concertos en cada un dos trimestres con artistas invitados, programación de intercambios co outros conservatorios no segundo trimestre, organización de concertos en colexios, museos e institucións culturais por parte do alumnado e fomentar a participación do ensamble de guitarras e arpas nas actividades organizadas polo departamento.

- Actividades extra-escolares para o desenvolvemento persoal

É moi importante que como músicos e dende unha temperá idade, comprendamos que ao tocar un instrumento desgastamos o noso corpo coma se fóssemos atletas profesionais. Por iso, debemos manter a nosa forma física sempre activa e forte. Como guitarrista, o alumno utiliza os músculos das costas, brazos, mans e dedos continuamente, sen esquecer tamén o esforzo e a postura xeral. Desta forma, será importante que o alumno reforce a musculatura xa citada e os tendóns dos brazos mediante a práctica de actividades físicas. Os deportes máis apropiados, ademais de facer estramonios antes de tocar, serían a natación, pilates, circuítos de ximnasia predeterminados por un especialista e tamén o ioga e tai-chi. Cabe destacar a importancia da relaxación, non só á hora de tocar, senón tamén na vida cotiá. As actividades

como ioga e tai-chi contribuirán á práctica da respiración diafragmática, a relaxación e tamén ao control da respiración, meditación e concentración.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

5.1. ► CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL

5.1.1. Obxectivos

- Afondar no coñecemento dos recursos interpretativos para abordar calquera dos diferentes estilos da música escrita para guitarra.
- Improvisar unidades formais moi sinxelas a partir dun esquema harmónico dado polo profesor.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra, tanto técnicas como de control do son, harmónicas, melódicas e rítmicas.
- Tocar a primeira vista e mantendo a medida pequenos fragmentos musicais para guitarra.
- Coñecer e respectar normas e patróns que rexen todo acompañamento e improvisación no marco dunha interpretación grupal e valorar isto como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia, amosando a sensibilidade auditiva necesaria para a perfección gradual da calidade sonora.
- Ler e transportar melodías sinxelas a outras tonalidades.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenrolo da memoria.
- Coñecer e empregar o cifrado americano.
- Desenrolar a capacidade de lectura a primeira vista e de interpretar liñas harmónicas e improvisar liñas melódicas sen a necesidade dun guión escrito.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.

5.1.2. Contidos

- Acordes e progresións, enlaces harmónicos. Acordes tríade e tétrade en todo o diapasón: maiores, menores, sétima de dominante, diminuídos e semidiminuídos. Acordes en catro cordas. Dixitación e posicións.
- Iniciación ao transporte, transporte harmónico e a súa aplicación na guitarra.
- Enlaces de progresións características, tanto na música clásica como na música popular contemporánea: o Blues, o II-V-I no Jazz, etc. Análise de temas representativos. Improvisación de liñas harmónicas de acompañamento. A técnica do “Chord-Melody”. Arranxos.
- Improvisación empregando a escala pentatónica
- Análise e repentización de obras de distintos estilos e épocas.
- Escalas e liñas melódicas. Improvisación.
- Lectura a primeira vista de partituras sinxelas e de progresións de acordes e liñas melódicas.
- Introducción ao cifrado americano, realización de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.

5.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Analizar obras dun repertorio escollido. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio, comprensión das características dun estilo concreto de interpretación e as súas implicacións técnicas, rítmicas, harmónicas e melódicas.
- Transportar a distintas tonalidades pequenos fragmentos melódicos e do mesmo xeito estruturas harmónicas sinxelas.
- Ler a primeira vista progresións harmónicas, rítmicas e liñas melódicas dunha dificultade de acordo ao nivel. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura e análise dun texto musical, así como o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Interpretar unha estrutura harmónica composta polo alumno e facer unha pequena improvisación para esa harmonía.
- Asistencia ás clases. Nas mesmas avaliarase o compromiso, atención, sentido da responsabilidade e esforzo individual do alumno.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumno terá que:

- Crear estruturas harmónicas para melodías dadas, empregando acordes sinxelos.
- Transportar melodías e esquemas harmónicos a distintas tonalidades.
- Realizar ritmos básicos cos acordes sinalados nunha partitura na que tan só apareza a melodía e o cifrado americano.
- Improvisar sobre unha base harmónica sinxela coa escala pentatónica.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos coa realización de probas trimestrais.
- Lectura á vista (por parte do profesor titor en cada clase ou ante tódolos membros do

departamento a través de probas trimestrais de lectura).

- Exercicios de acompañamento creando distintos acompañamentos a melodías entregadas polo profesor.
- Exercicios de transporte a outras tonalidades de melodías sinxelas ou de esquemas harmónicos de acordes.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

1. Acadar o nivel esixido en canto a obxectivos e contidos da Programación xeral, atendendo aos diferentes aspectos técnicos: dixitacións, posición de Corpo e mans, calidade do son, dinámica e agóxica. Comprenderá o 70% da cualificación final do curso.

2. Asistencia regular e Actitude: A regular asistencia ás clases é un aspecto imprescindible para unha avaliación e seguimento continuos do alumno por parte do profesor, co obxectivo de certificar a súa evolución académica. Implica unha boa actitude por parte do alumno á hora de abordar o estudo dun repertorio axeitado, traballo regular na casa, asistencia ás clases, concertos, audicións e calquera actividade académica complementaria programada polo Departamento. Comprenderá o 30% restante da cualificación final do curso.

5.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. A recuperación realizarase o longo do curso reforzando tódolos aspectos nos que o alumno presente dificultades, realizando actividades nas que se traballen cada unha das carencias que presente o alumno.

Probas extraordinarias de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación. seguindo as propostas de actividades efectuadas no informe de avaliación, o exame consistirá nunha proba co profesor amosando que alcanzou os obxectivos mínimos.

Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:

- Nivel de cumprimento de obxectivos e contidos propostos para o curso 100%.

5.1.5. Recursos didácticos

- Nothin' But Blues de J. Aebersold.
- Berklee Practice Method: Guitar. Get Your Band Together de Larry Baione.
- The Beatles' Complete. Songbook. Antoloxía de todas as súas cancións.
- Begginning Jazz Guitar de Alan de Mause.
- BossaNova Songbook de Almir Chediak.

- Jazz Guitar de J. Schroedl.
- Jazzin' The Blues de John Ganapes e David Ross.
- The II-V7-I progression de J. Aebersold.
- Latin Guitar de Bruce Buckingham.
- Joe Pass Guitar Method de Joe Pass .
- Guitar Etudes de Pat Metheny.
- Great Jazz Standards, Anthology for guitar de Fred Sokolow.
- Great Standards of Duke Ellington de Fred Sokolow.
- The Real Book Antoloxía de estándares do Jazz, dous volúmenes.
- The Real Rock Book Antoloxía de estándares do rock e o pop, dous volúmenes.
- Major & Minor Key, Learn to Improvise Jazz de J. Aebersold.
- The European Real Book Antoloxía de estándares europeos.
- Reading Studies for guitar de W. Leavitt.
- Melodic Rhythms for guitar de W. Leavitt.
- Guitar Etudes de Pat Metheny.
- A Modern Method for Guitar: 1-2-3 Complete de W. Leavitt.
- Cábalas con la Guitarra, el secreto del arte de tocar de Gabriel Rosales.
- Jazz Guitar de J. Schroedl.
- Jazzin' The Blues de John Ganapes e David Ross.
- The II-V7-I progression de J. Aebersold.
- Major & Minor Key, Learn to Improvise Jazz de J. Aebersold.
- A Modern Method for Guitar: 1-2-3 Complete de W. Leavitt.
- Cábalas con la Guitarra, el secreto del arte de tocar de Gabriel Rosales.
- Guitarra, Teoría básica aplicada de Lalo Carnota.
- Incredible Scale Finder, Hal leonard guitar method. Editorial Hal Leonard.

5.2. ► CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL

5.2.1. Obxectivos

- Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha peza entregada polo profesor.
- Improvisar sobre unha estrutura harmónica ou acompañar a unha melodía despois de harmonizala.
- Valorar a improvisación como unha forma de desenvolver a creatividade e a imaxinación.
- Empregar a lectura a primeira vista para mellorar o desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e empregar diferentes tipos de cifrado. Cifrado americano.
- Transportar pezas sinxelas con ou sen alteracións accidentais a distintas tonalidades.
- Analizar as obras formalmente, analizando as súas partes, puntos de tensión, etc para determinar os aspectos esenciais e posibilitar unha mellor lectura a primeira vista.

5.2.2. Contidos

- Repentización de partituras de distintas época e estilos, e lectura harmónica dentro do ámbito tonal.
- Análise harmónico-formal das pezas traballadas e interpretación dos elementos substanciais derivados da análise.
- Transporte melódico e harmónico, técnica de transporte: claves, armaduras, diferencias, etc.
- Lectura e transporte harmónico de partituras e transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade.
- Utilización e coñecemento do cifrado de triadas e séptimas.
- Traballo co cifrado americano no acompañamento de melodías con ritmos variados e diferentes fórmulas de acompañamento da man dereita en diferentes estilos.
- Construción de estruturas harmónicas básicas elaborando frases, breves fragmentos e pequenas pezas.
- Escalas e liñas melódicas. Improvisación dentro dun esquema armónico dado.
- Lectura a primeira vista de partituras sinxelas e de progresións de acordes e liñas melódicas.
- Audicións comparadas de diferentes interpretacións e puntos de vista dun repertorio concreto e análise crítico das características das súas interpretacións e diferentes versións.

5.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Analizar as obras dun repertorio escollido, buscando a estrutura harmónica. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio, comprensión das características dun estilo concreto de interpretación e as súas implicacións técnicas, rítmicas, harmónicas e melódicas.
- Transportar a distintos intervalos unha estrutura harmónica.
- Transportar a calquer tonalidade unha fragmento melódico.

- Ler a primeira vista progresións harmónicas, rítmicas e liñas melódicas dunha dificultade de acordo ao nivel. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura e análise dun texto musical, así como o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Realizar e interpretar estruturas harmónicas creadas por si mesmo.
- Asistencia ás clases. Nas mesmas avaliarase o compromiso, atención, sentido da responsabilidade e esforzo individual do alumno.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumno terá que:

- Repentizar partituras para guitarra de diferentes épocas e estilos dunha dificultade axeitada o seu nivel.
- Facer lectura harmónica de partituras para guitarra nun ámbito tonal.
- Transportar a calquer tonalidade fragmentos melódicos.
- Transportar harmónicamente o acompañamento dunha melodía.
- Dominar e comprender a técnica e a mecánica do transporte: claves, armaduras, diferencias, etc.
- Empregar e coñecer os cifrados de triadas e septimas na harmonía tonal, e o cifrado americano.
- Improvisar melódicamente coa guitarra con escalas diatónicas dentro dun esquema harmónico dado.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cada seu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos coa realización de probas trimestrais.
- Lectura á vista (por parte do profesor titor en cada clase ou ante tódolos membros do departamento a través de probas trimestrais de lectura).
- Exercicios de acompañamento creando distintos acompañamentos a melodías entregadas polo profesor.

- Exercicios de transporte a outras tonalidades de melodías sinxelas ou de esquemas harmónicos de acordes.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

1. Acadar o nivel esixido en canto a obxectivos e contidos da Programación xeral, atendendo aos diferentes aspectos técnicos: dixitacións, posición de Corpo e mans, calidade do son, dinámica e agónica. Comprenderá o 70% da cualificación final do curso.

2. Asistencia regular e Actitude: A regular asistencia ás clases é un aspecto imprescindible para unha avaliación e seguimento continuos do alumno por parte do profesor, co obxectivo de certificar a súa evolución académica. Implica unha boa actitude por parte do alumno á hora de abordar o estudo dun repertorio axeitado, traballo regular na casa, asistencia ás clases, concertos, audicións e calquera actividade académica complementaria programada polo Departamento. Comprenderá o 30% restante da cualificación final do curso.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. A recuperación realizarase o longo do curso reforzando tódolos aspectos nos que o alumno presente dificultades, realizando actividades nas que se traballen cada unha das carencias que presente o alumno.

Probas extraordinarias de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación. seguindo as propostas de actividades efectuadas no informe de avaliación, o exame consistirá nunha proba co profesor amosando quq alcanzou os obxectivos mínimos.

Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:

- Nivel de cumprimento de obxectivos e contidos propostos para o curso 100%.

5.2.5. Recursos didácticos

- Nothin' But Blues de J. Aebersold.
- Berklee Practice Method: Guitar. Get Your Band Together de Larry Baione.
- The Beatles' Complete. Songbook. Antoloxía de todas as súas cancións.
- Begginig Jazz Guitar de Alan de Mause.
- BossaNova Songbook de Almir Chediak.
- Jazz Guitar de J. Schroedl.
- Jazzin' The Blues de John Ganapes e David Ross.
- The II-V7-I progression de J. Aebersold.
- Latin Guitar de Bruce Buckingham.
- Joe Pass Guitar Method de Joe Pass .
- Guitar Etudes de Pat Metheny.
- Great Jazz Standards, Anthology for guitar de Fred Sokolow.
- Great Standards of Duke Ellington de Fred Sokolow.
- The Real Book Antoloxía de estándares do Jazz, dous volúmenes.
- The Real Rock Book Antoloxía de estándares do rock e o pop, dous volúmenes.
- Major & Minor Key, Learn to Improvise Jazz de J. Aebersold.
- The European Real Book Antoloxía de estándares europeos.
- Reading Studies for guitar de W. Leavitt.
- Melodic Rhythms for guitar de W. Leavitt.
- Guitar Etudes de Pat Metheny.
- A Modern Method for Guitar: 1-2-3 Complete de W. Leavitt.
- Cábalas con la Guitarra, el secreto del arte de tocar de Gabriel Rosales.
- Jazz Guitar de J. Schroedl.
- Jazzin' The Blues de John Ganapes e David Ross.
- The II-V7-I progression de J. Aebersold.
- Major & Minor Key, Learn to Improvise Jazz de J. Aebersold.
- A Modern Method for Guitar: 1-2-3 Complete de W. Leavitt.
- Cábalas con la Guitarra, el secreto del arte de tocar de Gabriel Rosales.
- Guitarra, Teoría básica aplicada de Lalo Carnota.
- Incredible Scale Finder, Hal leonard guitar method. Editorial Hal Leonard.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o axeitado desenvolvemento das súas programacións didácticas, incluíndo esta, así como os seus resultados serán:

- Reunións de departamento: aproveitaranse para facer achegas, críticas, e calquera tipo de aportación sobre o funcionamento no día a día das programacións.
- Audicións, nas que o profesorado poida facer críticas, aportacións para mellorar a programación comprobando se se cumpriron os obxectivos previstos.
- Ao final de curso farase unha valoración individual sobre o cumprimento da programación e faranse as modificacións oportunas.

7. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Ao longo do curso o departamento coordinará diversas reunións coa fin de levar a cabo as seguintes actividades:

- Posta en común dos criterios indicados na programación.
- Análise dos resultados obtidos polos alumnos en función dos obxectivos en cada unha das audicións.
- Adaptación da programación segundo as necesidades específicas de cada un dos profesores.
- Adaptación da programación segundo as necesidades específicas do alumnado.
- Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación en función dos obxectivos fixados e os resultados acadados.

8. ANEXOS

8.1. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

8.2. PROBAS DE ACCESO

8.2.1. GRAO PROFESIONAL

➤ ACCESO AO CURSO 6º GP

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analizar obras dun repertorio escollido. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio, comprensión das características dun estilo concreto de interpretación e as súas implicacións técnicas, rítmicas, harmónicas e melódicas.
- Transportar a distintas tonalidades pequenos fragmentos melódicos e do mesmo xeito estruturas harmónicas sinxelas.
- Ler a primeira vista progresións harmónicas, rítmicas e liñas melódicas dunha dificultade de acordo ao nivel. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura e análise dun texto musical, así como o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Interpretar unha estrutura harmónica composta polo alumno e facer unha pequena improvisación para esa harmonía.
- Facer acompañamentos harmónicos a melodías sinxelas.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a proba de acceso o alumno realizará una proba práctica que constará de tres apartados:

- Unha parte de lectura a vista, que consistirá en ler a primeira vista co instrumento unha peza entregada polo tribunal, tendo 5 minutos para preparar a mesma.
- Unha parte de transporte que consistirá en transportar unha melodía ou unha serie de acordes a outra tonalidade.
- E por último unha parte de acompañamento, que consistirá en facer un acompañamento a una melodía entregada polo tribunal.

Cada unha destas probas terá unha puntuación de 0 a 10, e a nota final será a media das tres.